

SESIÓN ORDINARIA DE 30 DE OUTUBRO DE 2.009

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas do día 30 de outubro de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Luís Varela Pérez, D^a Pilar Méndez Lombao, D. Serafín Vázquez Arias, D^a Sandra Abeledo Sánchez, D. Miguel Ángel López Varela, D^a Vitoria Fernández Vigo, D. José Manuel Carral Méndez, D. Arcadio Lombao Román e D^a Dulce María Neira Fraga, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS PLANARIAS CELEBRADAS EN DATAS DE 19 DE XUÑO DE 2009 E 26 DE XUÑO DE 2009.

Ponse de manifesto ós membros da Corporación as actas das sesións plenarias celebradas os días 19 e 26 de xuño de 2009, cuxas copia se remitiron aos Concelleiros adxuntas a notificación da convocatoria da presente sesión.

Sométese a votación a aprobación das citadas actas. Realizada a votación, quedan aprobadas pola unanimidade dos membros presentes da corporación.

2.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCIZO 2008.

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros a Conta Xeral correspondente ao exercizo 2008, así como o dictame favorable da Comisión Especial de Contas.

Inicia o debate o sr. Alcalde, pedindo a aprobación da Conta Xeral, tendo en conta que xa foi informada por todos os grupos e na súa elaboración cumpríronse tódolos requisitos legais.

Toma a palabra o sr. López Varela, voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, quen recorda que a posición do seu grupo na Comisión especial de contas destacou que o orzamento do ano 2008, en tanto foi aprobado a mediados de ano, foi máis unha rendición de contas que un verdadeiro orzamento. Asemade, destacou que no informe de intervención advertíase da existencia de certas irregularidades contables, así como do feito de que, a precaria situación económica do concello lle impedía concertar operacións de creto durante este exercizo orzamentario. Asemade, recomendaba realizar un Plan de Saneamento Financieiro a tres anos

Por estos motivos, o seu grupo expresou na Comisión Especial de Contas o seu rexeitamento a aprobación da Conta Xeral, e isa é a postura manteñen nestes intres.

Pola súa banda, o voceiro do Grupo Municipal do BNG, rexeita a aprobación da Conta Xeral en base ao rexeitamento, xa expresado no seu día, ao orzamento do que trae causa e é reflexo dita Conta Xeral.

Volta a tomar a palabra o sr. Pardo Lombao, que recorda que unha cousa é o debate político que xurde con ocasión da aprobación do Orzamento, e outra cousa ben distinta é o que se trae debate cando se aproba a Conta Xeral, que é únicamente unha rendición de contas ao Pleno e que se ciñe exclusivamente a verificar a corrección técnica na súa formación.

Con respecto ao expresado polo voceiro do PSdG, dalle a razón que na liquidación do Orzamento 2008 maniféstanse certas tensións orzamentarias, e asegura que éstos problemas, comúns a tódolos concellos, son produto da política económica errática desenvolvida dende o Goberno da Nación.

Esta xestión económica do Goberno está a perxudicar gravemente a tódalas administracións públicas: a Xunta de Galicia pídelle que devolva os cartos que xa gastaron outros, os concellos ingresan menos en concepto de participación dos ingresos do Estado e, a súa vez, ingresan menos dos tributos propios...

A consecuencia da crise económica bestial súfrena os veciños e, a postre, o propio concello, como é lóxico.

A pesar delo, o concello está a manter unha boa calidade de servizos e cun endebedamento que se atopa entre os máis baixos da Provincia e, incluso, de Galicia.

En relación a recomendación de elaborar un Plan de Estabilidade Orzamentaria, é unha mera recomendación, pero non unha obriga, xa que o Concello non rebasou os parámetros que determinan a necesidade da súa elaboración.

Certo é que o Concello sofre tamén as consecuencias da crise económica que atravesa España, pero tamén é certo que logra manter unha aceptable situación económica, tal e como manifestan as contas que agora se debaten.

O sr. López Varela sinala que o informe de Intervención fala de inadecuada previsión de ingresos e inadecuada imputación contable dos mesmos, que non consta seguemento do patrimonio municipal do suelo...

Respóstalle o sr. Pardo Lombao que cando unha cousa está mal a Intervención non se limita a facer recomendacións, senón que debe informar negativamente, cousa que aquí non se fixo. Por outra banda, hai algúns aspectos nos que os diferentes Interventores manteñen criterios diferentes, coma sucedeu no presente caso.

Por tanto, ratifica a legalidade da Conta Xeral e a conveniencia da súa aprobación.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercizo 2008.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con seis votos a favor pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PP e cinco en contra correspondentes aos restantes concelleiros.

3.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

Inicia o debate o sr. Alcalde, explicando que se trae a recoñecemento extraxudicial de créditos a aprobación da factura nº 120/08, por un montante total de 15.759,86 euros, correspondente a certificación da liquidación da obra “construcción de una guardería infantil en Outeiro de Rei”.

A razón de que non se aprobara pola Xunta de Goberno radica en que, unha vez rematada a guardería e presentada a factura de liquidación, obsérvase que a obra ten unha serie de pequenas deficiencias que deben ser subsanadas, polo que non é procedente a probación da factura.

En tanto o contratista subsanou ditas deficiencias unha vez transcurrido o ano natural no que efectuou a presentación da factura. Unha vez advertido cumprimento total do contrato, e en cumprimento da lexislación de facendas locais, para a súa aprobación tráese a este Pleno.

O sr. Arcadio, voceiro de Grupo Municipal do BNG, pregunta porqué non se incorporou ao Orzamento do ano 2009.

Respóstalle o sr. Alcalde que a factura non tiña a entidade suficiente como para incorporala expresamente.

O sr. Arcadio solicita a emisión de informe polo sr. Secretario sobor a legalidade de dito proceder.

O voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, o sr. López Varela, sorpréndese que na certificación aparezan obras tales como 185 m2 de falso techo de pladur, colocación de sete portas... etc., que exceden, con moito, da corrección de simples deficiencias, e que non parecen corresponderse con 15.759,86 euros.

Respóstalle o sr. Alcalde que está a leer a certificación da obra completa, non das unidades de obra que se inclúen na liquidación. As unidades que se inclúen respostan, exclusivamente, a certas modificacións da obra cuxa conveniencia unicamente se puido advertir unha vez que a obra principal estivo rematada.

O Secretario informa que o principio de anualidade orzamentaria impide que se aplique a un orzamento correspondente a un exercizo rematado gastos

facturados con posterioridade, así como que se aplique a o orzamento seguinte ditos gastos cando foron executados no anterior, e que nestes supostos o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais esixe que se aproben polo Pleno como recoñecemento extraxudicial de créditos, xa que tamén é o Pleno da Corporación o órgano competente para a aprobación da Conta Xeral.

Neste suposto nos atopamos ante un suposto de recoñecemento extraxudicial de créditos, sen que se advirta a existencia de ningunha complexidade a maiores.

O voceiro do Grupo Municipal do BNG di que este informe debера acompañarse a documentación remitida ao Pleno.

Respóstalle o sr. Pardo Lombao que, tal e como dixo o Secretario, aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial é o único xeito de pagar ao contratista, e é indudable que se lle debe pagar.

O voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, pregunta se existe algún porcentaxe do prezo ou algún mecanismo que permita non pagar en tanto non se rematen as obra a satisfacción da administración.

O sr. Pardo respóstalle que o que aquí sucedeu foi que a obra se rematou pero non se poido poñer en marcha en tanto non se remataron as obras de urbanización do polígono de Santa Isabel. Neste interín, o concello advertiu certas carencias da obra que ordenou correxir, e das que trae causa esta factura. Agora ben, coma ditas obras non se fixeron totalmente ben nun primeiro momento, en troques de executarse a garantía, retívose o pago do prezo, outorgando un prazo de subsanación.

Agora, que as obras están totalmente executadas, tráese para a súa aprobación ao Pleno tal e como esixe a lei. E non hai máis.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos para a aprobación da factura nº 120/08, a favor de CONSTRUCCIONES CARBALLEIRA S.L, polo prezo de 15.759,86 euros.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con seis votos a favor pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PP e cinco abstencións correspondentes aos restantes concelleiros da corporación.

4.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE SECTORIZACIÓN “A AREEIRA”, POLÍGONO 2.

Explica o sr. Alcalde que o Plan Especial de A Areeira comprende tres polígonos. Nun deles, o dous, existe unha parte que está afectada polas antigas balsas de extracción de áridos, e que se están a rechear, de conformidade co correspondente proxecto autorizado, con inertes.

Non obstante, como o ritmo de recheo das balsas ralentiza a xestión urbanística dos terreos, solicítase a división en dous polígonos, co fin de ir xestionando o que non se atopa afectado polas balsas e que é máis próximo aos polígonos que se atopan en fase de xestión.

Como non se modifica a ordenación urbanística inicial, e o expediente ten tódolos informes preceptivos en sentido favorable, o Concello non vé inconveniente algún en aprobar esta subdivisión en polígonos, polo que se trae a este pleno co fin de acadar a aprobación definitiva e, deste xeito favorecer a iniciativa privada no desenrolo do area empresarial de Outeiro de Rei.

O voceiro do BNG, critica a xestión urbanística do Concello, sinalando que nos dez anos que levan gobernando, non foron quenés de rematar a gran obra que prometían: o gran parque empresarial de Outeiro de Rei.

Dez anos máis tarde, aínda estamos a voltas cos polígonos e a meirande parte deles se desenrolan por iniciativa privada. Non saben se tódolos propietarios do polígono dous consenten este proxecto e, en definitiva, non ven moi clara a saída.

Sorpréndese o sr. Pardo Lombao de que o voceiro do BNG faga esta crítica, cando foi o BNG o titular da Consellería que paralizou o polígono que tiña conveniado o concello con Xestur, e que si non se desenvolveu foi exclusivamente porque coa chegada do BNG ao Goberno Autonómico ordenouse dita paralización.

Por outra banda, o equipo de Goberno Municipal está sentando as bases para que o parque empresarial de Outeiro no futuro vaia máis alá do que agora se está a xestionar.

O BNG ten en menos que sexa a iniciativa privada quen xestione maioritariamente os polígonos de Outeiro, na súa liña de que o Sector Público acapare tódolos ámbitos da economía. Non obstante, o Concello de Outeiro de Rei está a xestionar directamente, mediante cooperación, o polígono máis grande do área empresarial de Outeiro de Rei (Matela I). Pero por outra banda, o realmente interesante é que sexa a iniciativa privada quen tome as riendas, xa que evidencia a existencia de perspectiva de negocio futuro e se garantiza que as inversións urbanizadoras van ter un uso productivo.

Insiste en que o tecido empresarial do Concello vai ir a máis e está indo a máis, a pesares da paralización que promoveu dende a anterior Xunta de Galicia o BNG. Neses anos de Goberno do BNG paralizouse o polígono do Xestur, pero a iniciativa privada seguiu promovendo solo en Outeiro.

Non todo pode ser de iniciativa pública, e os anos de Goberno do BNG na Xunta evidenciaron os graves prexuízos dun excesivo intervencionismo.

Critica o sr. Arcadio que o Concello inclúe nas partidas de inversión dos orzamentos municipais as inversións dos particulares nos polígonos empresariais,

e volta a sinalar que, a estas alturas, é unha vergoña que o polígono esté como está.

No tocante ao polígono de Xestur, asegura que si se paralizou a xestión do polígono sería pola escasa capacidade de xestión política do Alcalde de Outeiro.

Respóstalle o sr. Pardo que é increíble que, por unha parte o BNG critique que os polígonos se fan pola iniciativa privada e, por outra parte, que cando se fai un polígono mediante iniciativa pública, critique que se consigne no orzamento os créditos necesarios para executalo. ¿acaso pretenden que se fagan as obras sen crédito e de xeito ilegal?.

Voltando ao tema do debate, e considerando que a proposta de modificación solicitada polos propietarios é convinte aos intereses xerais do Concello, propón a súa aprobación.

Sométese a votación a proposta de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan Especial de Sectorización “A Areeira”, polígono 2.

Efectuada a votación, a proposta resulta aprobada con seis votos a favor pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PP, e cinco abstencións pertencentes aos concelleiros dos Grupos Municipales do BNG e PSdG-PSOE.

5.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA SOBRE PORTAS CARRETERAS E PASAXES PERMANENTES DE ENTRADA E SAÍDA DE VEHÍCULOS EN OUTEIRO DE REI.

Dase conta polo sr. Alcalde da proposta de modificación, que trae causa dun erro informático de transcripción do texto inicial, que orixinou a omisión do texto aprobado no seu día do parágrafo que se inclúe na seguinte proposta:

“José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribue o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, propoño ao Pleno da Corporación a aprobación da seguinte modificación da ordenanza citada:

No artigo 11 da citada ordenanza, incorporar o punto segundo, co seguinte texto:

“2.- PASAXE PERMANENTE

Para obter a licenza de pasaxe permanente, as peticións deberán acreditar:

- a) Que o propietario se atope ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello.*
- b) Que non dificulte a circulación rodada ou peonil.*

- c) *Que a edificación á que presta servizo dispoña da preceptiva licencia municipal de obras, primeira ocupación ou de apertura e funcionamento.*”

Sométese a votación a proposta de aprobación inicial da modificación da ordenanza.

Efectuada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros da Corporación.

6.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS.

Dase conta polo sr. Alcalde do contido da proposta de rectificación, que abrangue os seguintes bens:

“FINCA URBANA Nº 64

CAMPO DA FESTA DE VICINTE

NOME: CAMPO DA FESTA DE VICINTE

NATURALEZA DO INMOBLE:

Ben demanial

Prescripción: Uso público.

SITUACIÓN:

Parroquia: VicinTE.

Núcleo / lugar: VicinTE. Parcelas 524 e 524 do polígono 42.

Descrición: A agrupación das mesmas orixina unha parcela conxunta de 1.273 m², , que linda: norte e leste: parcela 526; Sur: Parcelas 520, 515 e 508 do polígono 42. e Oeste: camiño municipal.

Sobor dita parcela se ubica un edificio construído polo concello, en calidade de local social.

SUPERFICIE: 1.273 m².

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión formalizada con data de 6 de setembro de 2007.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Padrón Catastral: POLÍGONO: 60; PARCELA: 46

VALOR ACTUAL: 1000 euros.

FINCA URBANA Nº 65

SAN MARTIÑO

NOME: Cortiña da Igrexa. Parcela 248 polígono 65

NATURALEZA DO INMOBLE:

Ben demanial

Prescripción: Uso público.

SITUACIÓN:

Parroquia: San Martín de Guillar.

Núcleo / lugar: San Martiño. Parcelas 248 do polígono 65.

Descripción: Linda: norte: zona urbana de San Martiño 9015; Sur: en parte camiño e en máis parte, parcela 233; Leste: camiño. e Oeste: parcelas 233 e 249.

SUPERFICIE: 1.383 m2.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Compraventa perfeccionada por acordo da Xunta de Goberno de data de 19 de febreiro de 2009 e formalizada en escritura pública ante a Notaria Monserrat Trigo Mayor con data de 11 de xuño de 2009 e número de protocolo 699.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Padrón Catastral: POLÍGONO: 65; PARCELA: 248

Rexistro da Propiedade: tomo 1114, libro 89, folio 9, alta 2.

VALOR ACTUAL: 30.000 euros.

FINCA URBANA N° 66

SALETE III

NOME: PARCELA “J” NO PLAN PARCIAL SALETE III.

NATUREZA DO INMOBLE:

Ben de Natureza demanial

Adscripción ao uso público: area de juegos.

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN MARTÍN DE GUILLAR

Núcleo/lugar: PLAN PARCIAL SALETE III. SAN MARTÍN DE GUILLAR.

Lindeiros:

Norte: camiño público; Sur: “DC”; Leste: Sector RA-47 e Oeste o vial 4.

SUPERFICIE: 234,56 ms/2.

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE AQUISICIÓN:

Escritura Notarial de cesión urbanística obligatoria nº 102 do Notario Germán Aguilera Cristobal. (Cesión gratuita e obrigatoria do Plan Parcial O Salete III.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: pertence a finca rexistral 8.629. Pendente de inscrición da nova configuración.

FINCA URBANA N° 67

SALETE III

NOME: PARCELA “DC” NO PLAN PARCIAL SALETE III.

NATUREZA DO INMOBLE:

Ben de Natureza demanial

Adscripción ao servizo público: docente-cultural.

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN MARTÍN DE GUILLAR

Núcleo/lugar: PLAN PARCIAL SALETE III. SAN MARTÍN DE GUILLAR.

Lindeiros:

Norte: "J"; Sur: parcela nº 11; Leste: Sector RA-47 e Oeste o vial 4.

SUPERFICIE: 772,93 ms/2.

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE AQUISICIÓN:

Escritura Notarial de cesión urbanística obligatoria nº 102 do Notario Germán Aguilera Cristobal. (Cesión gratuita e obrigatoria do Plan Parcial O Salete III.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: pertence a finca rexistral 8.629. Pendente de inscrición da nova configuración.

FINCA URBANA Nº 68

SALETE III

NOME: PARCELA "ZV" NO PLAN PARCIAL SALETE III.

NATUREZA DO INMOBLE:

Ben de Natureza demanial

Adscrición ao uso público: zona verde.

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN MARTÍN DE GUILLAR

Núcleo/lugar: PLAN PARCIAL SALETE III. SAN MARTÍN DE GUILLAR.

Lindeiros:

Norte: vial; Sur: en parte viales e máis en parcela 50; Leste: vial e Oeste: José, coñecido como "casería de Vilar".

SUPERFICIE: 2.260,13 ms/2.

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE AQUISICIÓN:

Escritura Notarial de cesión urbanística obligatoria nº 102 do Notario Germán Aguilera Cristobal. (Cesión gratuita e obrigatoria do Plan Parcial O Salete III.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: pertence a finca rexistral 8.630. Pendente de inscrición da nova configuración.

FINCA URBANA Nº 69

SALETE III

NOME: PARCELA “ZV” NO PLAN PARCIAL SALETE III.

NATUREZA DO INMOBLE:

Ben de Natureza demanial

Adscrición ao uso público: zona verde.

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN MARTÍN DE GUILLAR

Núcleo/lugar: PLAN PARCIAL SALETE III. SAN MARTÍN DE GUILLAR.

Lindeiros:

Norte: parcela 41; Sur: estrada aos Alargos; Leste: vial 1; Oeste: propiedade de José, coñecida como “caserío de Vilar”.

SUPERFICIE: 1.053,18 ms/2.

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE AQUISICIÓN:

Escritura Notarial de cesión urbanística obligatoria nº 102 do Notario Germán Aguilera Cristobal. (Cesión gratuita e obrigatoria do Plan Parcial O Salete III.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: pertence a finca rexistral 8.630. Pendente de inscrición da nova configuración.

FINCA URBANA Nº 70

POLINOX

NOME: PARCELA 1.2 NO PLAN DE SECTORIZACIÓN CC1-POLINOX.

NATUREZA DO INMOBLE:

Ben de Natureza Patrimonial

Uso industrial. Edificabilidad asignada: 3.088,59m2. Cuota de participación: 6,36487%.

SITUACIÓN:

Parroquia: OUTEIRO DE REI

Núcleo/lugar: PLAN DE SECTORIZACIÓN CC1-POLINOX.

Lindeiros:

Norte: parcela 1.1 de Polinox Galicia, S.A., Sur: parcela 1.3 de Gasoleos Ceao, S.L.; Leste: parcela 1.3 de Gasoleos Ceao, S.L e Oeste: vial do sector.

SUPERFICIE: **3.652,98 ms/2.** Edificabilidad asignada: 3.088,59m2.

CARGAS: Cuota de participación: 6,36487% nas cargas de urbanización.

TÍTULO DE AQUISICIÓN:

Finca de reemplazo asignada na escritura de reparcelación urbanística formalizada ante a Notaria de Castro de Rei, doña Monserrat Trigo Mayor, con data de 25 de marzo de 2009. Protocolo nº 342.

SITUACIÓN REXISTRAL:

En trámite de inscripción.

FINCA URBANA Nº 71

POLINOX

NOME: PARCELA 2.1 NO PLAN DE SECTORIZACIÓN CC1-POLINOX.

NATUREZA DO INMOBLE:

Ben de Natureza demanial

Zona verde.

SITUACIÓN:

Parroquia: OUTEIRO DE REI

Núcleo/lugar: PLAN DE SECTORIZACIÓN CC1-POLINOX.

Lindeiros:

Norte: parcela 165 do polígono 24; Sur: parcela 2.2 (dotacional) e rúa interior do sector; Leste: rúa do sector e Oeste: parcela 163 do polígono 24.

SUPERFICIE: **3.288 ms/2.**

CARGAS: Libre de cargas.

TÍTULO DE AQUISICIÓN:

Finca de reemplazo asignada na escritura de reparcelación urbanística formalizada ante a Notaria de Castro de Rei, doña Monserrat Trigo Mayor, con data de 25 de marzo de 2009. Protocolo nº 342.

SITUACIÓN REXISTRAL:

En trámite de inscrición.

FINCA URBANA Nº 72

POLINOX

NOME: PARCELA 2.2 NO PLAN DE SECTORIZACIÓN CC1-POLINOX.

NATUREZA DO INMOBLE:

Ben de Natureza demanial

Dotacional

SITUACIÓN:

Parroquia: OUTEIRO DE REI

Núcleo/lugar: PLAN DE SECTORIZACIÓN CC1-POLINOX.

Lindeiros:

Norte: parcela destinada a zona verde 2.1; Sur: rúa interior do sector; Leste: parcela destinada a zona verde 2.1 e Oeste: parcela 163 do polígono 24.

SUPERFICIE: **657,68 ms/2.**

CARGAS: Libre de cargas.

TÍTULO DE AQUISICIÓN:

Finca de reemplazo asignada na escritura de reparcelación urbanística formalizada ante a Notaria de Castro de Rei, doña Monserrat Trigo Mayor, con data de 25 de marzo de 2009. Protocolo nº 342.

SITUACIÓN REXISTRAL:

En trámite de inscripción.

FINCA URBANA Nº 57

NOME: ESCUELA INFANTIL MUNICIPAL: PARCELA DE CESION Ó CONCELLO PARA DOTACIÓNS ESCOLARES NO PLAN PARCIAL RESIDENCIAL DE BAIXA INTENSIDADE SUB-SI SANTA ISABEL, EN OUTEIRO DE REI.

NATUREZA DO INMOBLE:

Ben de Natureza demanial

Prescripción: dominio público adscrito a servicio público: ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

SITUACIÓN:

Parroquia: OUTEIRO DE REI

Núcleo/lugar: PLAN PARCIAL RESIDENCIAL DE BAIXA INTENSIDADE SUB-SI EN SANTA ISABEL – OUTEIRO DE REI.

Lindeiros:

Norte: Parcela de cesión para dotacións de interés público e social do Plan Parcial; Este, parcela de cesión para zona verde e xogo de nenos do Plan Parcial; Sur, con zona de aparcamento do Rúa E do Plan Parcial e Oeste, con parcelas de reemplazo S2 propiedade do Concello de Outeiro de Rei e B” do Plan Parcial, propiedade de D. Hipólito, D^a Concepción, D^a Balbina, D^a Ramona e D. Angel Montes Fernández e D. José Ramón Faustino e D. Manuel Montes Blanco.

SUPERFICIE: 1.251,14 ms/2.

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE AQUISICIÓN:

Cesión gratuita e obrigatoria

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Tomo 1079, Libro 79, Folio 98, Finca 8855, Inscripción 1^a.

EDIFICACIÓN Nº 14

NOME: ESCUELA INFANTIL MUNICIPAL:

NATUREZA DO INMOBLE:

Ben de Natureza demanial

Prescripción: dominio público adscrito a servicio público: ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

SITUACIÓN:

Parroquia: OUTEIRO DE REI

Núcleo/lugar: PLAN PARCIAL RESIDENCIAL DE BAIXA INTENSIDADE SUB-SI EN SANTA ISABEL – OUTEIRO DE REI.

Lindeiros da parcela (nº 57 do inventario de fincas urbanas):

Norte: Parcela de cesión para dotacións de interés público e social do Plan Parcial; Este, parcela de cesión para zona verde e xogo de nenos do Plan Parcial; Sur, con zona de aparcamento do Rúa E do Plan Parcial e Oeste, con parcelas de reemplazo S2 propiedade do Concello de Outeiro de Rei e B” do Plan Parcial, propiedade de D. Hipólito, D^a Concepción, D^a Balbina, D^a Ramona e D. Angel Montes Fernández e D. José Ramón Faustino e D. Manuel Montes Blanco.

Proxecto constructivo: de don Antonio Rodríguez Fernández-Pousa en xuño de 2004. Adxudicada a execución da obra a CONSTRUCCIONES CARBALLEIRA S.L, no ano 2004.

SUPERFICIE CONSTRUIDA: 428 ms/2.

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE AQUISICIÓN:

A parcela foi obxecto de cesión gratuita e obligatoria. A edificación

SITUACIÓN REXISTRAL DA PARCELA:

Rexistro da Propiedade: Tomo 1079, Libro 79, Folio 98, Finca 8855, Inscripción 1^a.

VIAL Nº 37

VILELA

NOME:

camiño que discurre polo vento sur das parcelas 47, 45, 406, 407 e 408 do polígono 9 e vento norte das parcelas 46, 432 e 10.000 do mesmo polígono do catastro de rústica deste Concello de Outeiro de Rei.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: Vilela

Núcleo/lugar: Vilela pequena (tras do bar gallego)

Lindeiros:

Vento sur das parcelas 47, 45, 406, 407 e 408 do polígono 9 e vento norte das parcelas 46, 432 e 10.000 do mesmo polígono do catastro de rústica deste Concello de Outeiro de Rei.

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: lonxitude aproximada: 270 metros lineais. Anchura aproximada: 5 metros lineais. Sen pavimentar.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Prescripción inmemorial. Resolución de expediente de investigación de data de 14 de novembro de 2007.

VIAL Nº 38

MOSTEIRO

NOME:

Camiño en Mosteiro, que discorre entre as parcelas 17, 24, 25, 22, 16, 14, 39 e 15 do polígono 84 do catastro de rústica deste Concello de Outeiro de Rei.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: Mosteiro

Núcleo/lugar: Mosteiro

Lindeiros:

Vento sur das parcelas 17, 22, 24 e 25 do polígono 84 e vento norte das parcelas 16, 14, 15 e 39 do polígono 84 do catastro de rústica deste Concello de Outeiro de Rei.

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: lonxitude aproximada: 196 metros lineais. Anchura aproximada: 5 metros lineais. Sen pavimentar.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Prescripción inmemorial. Resolución de expediente de investigación de data de 31 de marzo de 2009.

VIAL Nº 39
CC1-POLINOX

NOME:

VIARIO INTERIOR DO PLAN DE SECTORIZACIÓN CC1-POLINOX.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: Outeiro de Rei

Núcleo/lugar: Plan de Sectorización CCI-POLINOX

Lindeiros:

Segundo planos do Plan de Sectorización mencionado.

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: superficie de 5.556m², pavimentado segundo o proxecto de urbanización do Plan de Sectorización.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Finca de reemplazo asignada na escritura de reparcelación urbanística formalizada ante a Notaria de Castro de Rei, doña Monserrat Trigo Mayor, con data de 25 de marzo de 2009. Protocolo nº 342.

SITUACIÓN REXISTRAL:

En trámite de inscripción.

PORCIÓN VIAL N° 85

SILVARREI

NOME: PORCIÓN VIAL EN SILVARREI.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SILVARREI

Núcleo/lugar: SILVARREI

Lindeiros: Norte: Camiño, Sur e Este: Finca matriz (parcela 66, polígono 81) e Oeste: parcela 65.

SUPERFICIE: 105,95 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 24 de outubro de 2.008.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL N° 86

SILVARREI

NOME: PORCIÓN VIAL EN SILVARREI.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SILVARREI

Núcleo/lugar: SILVARREI

Lindeiros: Norte E Este coa finca matriz, (parcela nº 66, polígono 81) Sur con camiño e Oeste: parcela nº 65.

SUPERFICIE: 26,85 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 24 de outubro de 2.008.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 87

BONXE

NOME: PORCIÓN VIAL EN “CORTIÑA DA AIRA E DO RASCO”-BONXE.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: BONXE

Núcleo/lugar: “CORTIÑA DA AIRA E DO RASCO” .

Lindeiros: Norte, Sur e Oeste, camiños e polo Este, coa finca matriz (Parcela nº 142, polígono 94).

SUPERFICIE: 559,21 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 18 de xullo de 2.008.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 88

CELA

NOME: PORCIÓN VIAL EN VEIGUICELA – CELA..

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: CELA

Núcleo/lugar: "CARREIRA" - VEIGUICELA

Lindeiros: Norte: José Díaz Meilán; Sur, José Ramón Vigo Cabanas; Este, finca matriz (Parcela 449, Polígono 16) e polo Oeste: Camiño.

SUPERFICIE: 43,16 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 22 de xullo de 2.008.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 89

CELA

NOME: PORCIÓN VIAL EN FORMISTÁN - CELA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: CELA

Núcleo/lugar: "CORTIÑA DE FORMISTÁN" – FORMISTÁN.

Lindeiros: Norte: Camiño; Sur: Finca matriz; Este: 230 de Antonio Barreiro González e Oeste: Camiño.

SUPERFICIE: 193,00 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 31 de xullo de 2.008.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 90

BONXE

NOME: PORCIÓN VIAL EN BOUZAS – BONXE.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: BONXE

Núcleo/lugar: BOUZAS

Lindeiros: norte coa parcela matriz, sur camiño público, este coa parcela nº 585 e polo oeste coa parcela nº 45.

SUPERFICIE: 135 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 1 de xullo de 2.009.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 91

MOSTEIRO

NOME: PORCIÓN VIAL EN MACEDA – MOSTEIRO.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MOSTEIRO

Núcleo/lugar: MACEDA.

Lindeiros: norte coa parcela nº 20, sur parcela nº 17, este con camiño público e polo oeste coa finca matriz.

SUPERFICIE: 87,35 m2

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 14 de maio de 2.009.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 92

ROBRA

NOME: PORCIÓN VIAL EN PENELAS – ROBRA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: PENELAS

Lindeiros: Norte coa parcela nº 150; Sur coa finca matriz resultante da segregación efectuada en data de 21/04/2009; Leste finca matriz “Cotiña dos triguiños o reguiños”; e Oeste camiño público.

SUPERFICIE: 97,53 m2.

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 10 de xuño de 2.009.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 93

MATELA

NOME: PORCIÓN VIAL EN MATELA – MATELA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MATELA.

Núcleo/lugar: MATELA.

Lindeiros: norte coa parcela 34, o leste coa finca matriz, o oeste co camiño público, e o sur coa parcela nº1.

SUPERFICIE: 41,05 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 23 de marzo de 2.009.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 94

SAN LORENZO

NOME: PORCIÓN VIAL EN A REDONDIÑA – SAN LORENZO DE AGUIAR.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN LORENZO DE AGUIAR

Núcleo/lugar: A REDONDIÑA

Lindeiros: Norte finca matriz; Sur, camiño público; Este, Josefa Vigo e polo Oeste, Amador González.

SUPERFICIE: 15,68 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 17 de xullo de 2.009.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 95

MOSTEIRO

NOME: PORCIÓN VIAL EN MOSTEIRO – MOSTEIRO.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MOSTEIRO

Núcleo/lugar: MOSTEIRO

Lindeiros: Linda ó norte coa finca matriz, ó sur con camiño público, ó este coa parcela nº 17, e polo oeste coa parcela nº 24.

SUPERFICIE: 86 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 17 de abril de 2.009.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 96

BONXE

NOME: PORCIÓN VIAL EN BONXE – BONXE.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: BONXE

Núcleo/lugar: BONXE

Lindeiros: Norte, José Luís Veiga Román, cunha parcela que foi segregada desta leira; sur, 114 de Manuel Méndez Gutierrez; Este, coa finca matriz e polo Oeste, camiño.

SUPERFICIE: 1.095 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 15 de maio de 2.009.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 97

ROBRA

NOME: PORCIÓN VIAL EN ROBRA – ROBRA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: ROBRA

Lindeiros: norte coa finca ; ao Sur con estrada; ao Leste con Munuel Barreiro Hortas e José María Flores Vila; e ao Oeste con Jesús Neira López e José Indalecio Varela Castro.

SUPERFICIE: 84,23 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 21 de maio de 2.009.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 98

SANTA MARIÑA

NOME: PORCIÓN VIAL EN FELPAS-SANTA MARIÑA

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SANTA MARIÑA

Núcleo/lugar: FELPAS

Lindeiros: Norte coa finca matriz, Sur coa estrada, Este coa parcela 149, Oeste termina en punta.

SUPERFICIE: 113,50 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 30 de abril de 2009.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 99

ROBRA

NOME: PORCIÓN VIAL EN PENELAS – ROBRA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: PENELAS

Lindeiros: NORTE, María Lombao Illán; SUR, en línea de trinta e sete metros, de Esperanza Silvosa, segundo o título, hoxe Socorro López

Silvosa: Este, coa finca matriz; e OESTE, en liña de trinta e seis metros, camiño veciñal.

SUPERFICIE: 108,15 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 21 de setembro de 2.009.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 100

VILELA

NOME: PORCIÓN VIAL EN VILELA – VILELA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: VILELA

Núcleo/lugar: VILELA

Lindeiros: Finca A: Norte, Leste e Oeste, con camiño; Sur coa finca matriz.

Finca B: Norte, Leste camiño, Sur parcela 434, Oeste coa finca matriz.

SUPERFICIE: Finca A: 347,83 m² e Finca B: 79,72 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 16 de setembro de 2009.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 101

GAIOSO

NOME: PORCIÓN VIAL EN GAIOSO - GAIOSO

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: GAIOSO

Núcleo/lugar: GAIOSO

Lindeiros: Norte, estrada a Rábade a Donabal; Sur, finca matriz; este: parcela 1259; Oeste: parcela 880 e camiño

SUPERFICIE: 149,05

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 21 de maio de 2009.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 102

FOLGANZA EN ROBRA

NOME: FOLGANZA EN ROBRA

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: P-73, parcela 1.

Lindeiros: Norte, finca 1 do polígono 73; Sur, Leste e Oeste: camiño público.

SUPERFICIE: 80 m2.

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Inmemorial. Expediente de investigación resolto en 19 de outubro de 2009.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta”

Fai uso da palabra o voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, que recorda que en ocasións anteriores xa expresaron o seu desacordo co feito de que, cando se trae ao Pleno un gran número de fincas a inventariar, que non se outorgue un prazo maior para o exame do expediente.

Por outra banda, e en relación á incorporación ao inventario do camiño de Mosteiro, alega que, se ben non lle parece mal que se declare un camiño como público, cree que debe facerse co consentimento de tódolos veciños xa que, de non facerse así, podería chegarse a realizar unha apropiación indebida.

En relación a ese mesmo expediente, cree que, de acudir ao catastro histórico, resultaría que non se notificou a tódolos propietarios colindantes segundo dito catastro histórico.

Insiste en que non está en contra de facer dunha servidume un camiño público sempre que estean de acordo tódolos propietarios.

O voceiro do Grupo Municipal do BNG, asegura que, de non ser por éste camiño, non tería inconveniente en respaldar a aprobación da rectificación do Inventario, polo que propón que se retire da proposta este camiño, e que se intente chegar a un acordo con tódolos veciños e grupos políticos co gallo de evitar futuros problemas que, a bo seguro, xurdirán.

A instancias do sr. Alcalde, emite informe verbal o sr. Secretario, no que se expresa:

- O expediente de investigación non troca unha servidume nun camiño público, unicamente constata unha realidade xurídico-real preexistente. É dicir, que ese camiño sempre foi tal e público.
- Non é preciso notificar o expediente a quen foi titular fai cincuenta anos e non o é agora, xa que o titular histórico e non actual non acredita un interese ou dereito lexítimo.
- O expediente de investigación inclúe un trámite de información pública con publicación no BOP, que garante que, quen teña un dereito ou interese lexítimo, poida comparecer e defendelo.
- Para inventariar un camiño público municipal como tal non é preciso o consentimento de ningún, xa que se inventaria un dereito preexistente.
- No expediente de investigación figura a fotografía do vuelo do ano 1956 no que figura como camiño, no catastro actual figura como camiño e nas escrituras inscritas no rexistro da propiedade

das parcelas colindantes figura como camiño. Realmente todo apunta a que é un camiño público.

Pregúntase o sr. Pardo porqué os concelleiros do BNG e PSOE unicamente preguntan por este camiño cando se traen e se trouxeron a este pleno moitos máis camiños que éste. E pregúntase se o farán en función de quen o pida.

Sinala que, se unha vez examinados tódolos documentos dispoñibles (o catastro histórico e o catastro actual entre outros), todo apunta que o camiño é público, e os titulares das parcelas colindantes solicitan que se inclúa non inventario, o Concello o único que pode facer é abrir un expediente de investigación, e se a documentación aportada di que o camiño é público, o concello ten a obriga de declaralo así e inventarialo. Non pode facer outra cousa.

E sendo o tema tan claro, non se explica certas posturas, a menos que haxa un interese privado que se oculte.

A maiores da tramitación do expediente enviouse un bando a parroquia e el falou personalmente con casi todos os propietarios afectados. Pode ser que a algúen non lle interese, por motivos privados, que exista dito camiño público, pero eso non debe evitar que o concello cumpra a lei.

O sr. Arcadio, voceiro do BNG, di que non se opón a que exista un camiño público, pero o que non se pode facer é, como se fixo, ampliálo ocupando parte dos terreos dos propietarios sen o seu consentimento. Nese tipo de actuacións non se pode ir a forza. O problema non é que o camiño sexa público, non se discute, o que se discute é que se amplie o camiño dese xeito.

O sr. López Varela, voceiro do PSdG-PSOE, pregunta se unicamente se notificou a quenes aparecen no expediente como notificados, porque no expediente unicamente aparecen como notificados os titulares colindantes dun tramo de camiño, pero non de todo o camiño tal e como aparece no catastro histórico.

Resposta o sr. Alcalde que unicamente se está investigando e inventariando un tramo de camiño: ata onde se fixa no expediente, non máis aló. Non pode saber se o camiño continua ou non un quilómetro máis adiante. Por iso non se notificou aos colindantes do posible camiño máis aló de onde se investiga. En calquera caso, publicouse no BOP e mediante bando na parroquia para que calquera persoa poidese comparecer no expediente.

O equipo de Goberno non di que si ou que non en función de quen seña o propietario. Nos vemos e estudiamos cal é a situación xurídica e real e aplicamos o que di a lei. Para nos tódolos propietarios son exactamente iguais.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de rectificación do inventario municipal de bens e dereitos coa conseguinte declaración de ditos bens de titularidade municipal e a súa inclusión no inventario.

Efectuada a votación, a proposta resulta aprobada con seis votos a favor pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PP, e cinco abstencións pertencentes aos concelleiros dos Grupos Municipales do BNG e PSdG-PSOE

7.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, CON Nº DE REXISTRO DE ENTRADA Nº 3322, 3685, 3686, 3687 E 3804.

Iníciase o debate coa defensa, polo voceiro do Grupo Municipal do BNG, da moción con número de rexistro de entrada 3322, e do seguinte teor literal:

“Arcadio Lombao Román e Dulce Neira Fraga, concelleiros do BNG na Corporación Municipal de Outeiro de Rei ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

MOCIÓN RELATIVA Á COMPRA DA FÁBRICA DE PASCUAL EN OUTEIRO DE REI.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado mes de maio, o Grupo Pascual anunciou un Expediente de Regulación de Emprego (ERE) que afectaba á totalidade dos 155 traballadores que ocupaba na súa fábrica de Outeiro de Rei.

No mes de xullo, co visto e prace do Ministerio de Traballo e a anuencia da maioría da plantilla de traballadores, o Grupo Pascual conseguiu aprobar un ERE temporal de catro meses que significará o peche definitivo da fábrica de Outeiro de Rei se antes do 4 de decembro deste ano non aparece un novo propietario que asuma mantela en funcionamento.

No transcurso deste tempo foron moitas as institucións e organizacións de todo tipo que se pronunciaron en contra deste peche e a favor de manter activa unha fábrica que levaba máis de 15 anos funcionando a pleno rendemento. Tamén porque este peche non afecta só aos empregados da fábrica se non porque ten consecuencias negativas para os produtores de leite galegos e as activades comerciais asociadas á recollida, transporte, transformación e comercialización dunha cantidade significativa de produtos lácteos e derivados.

Evitar o peche da fábrica de Pascual e recuperar a súa actividade empresarial é fundamental para xerar riqueza e emprego en comarcas cunha importante vocación e produción leiteira como a Terra Chá e tamén para consolidar e aumentar o valor do noso sector lácteo, no camiño de conseguir un Grupo Lácteo Galego. Así o entenden as principais cooperativas agrarias de Galiza que ofrecen alternativas viábeis para comprar e manter activa a fábrica de Pascual se, para isto, contan co apoio e colaboración da Xunta de Galiza, tendo en conta que o goberno galego debe impulsar aquelas accións empresariais encamiñadas a crear riqueza e emprego no noso País.

Cando faltan pouco máis de dous meses para que se consuma o anunciado peche de Pascual e o conseguente despido daqueles traballadores que non se acolleran ás baixas incentivadas, o Goberno galego segue sen adoptar unha postura clara e efectiva que posibilite, antes do seu peche definitivo, a reactivación e o mantemento da actividade empresarial e comercial na citada fábrica de Outeiro de Rei.

Son os concellos, como institucións máis achegadas aos problemas que padece a xente, neste caso os produtores de leite, os que deben permanecer sempre atentos e activos para esixir da Administración, nomeadamente o Goberno Galego, que adopte as medidas precisas para defender e favorecer o mantemento da nosa capacidade produtiva e a riqueza e emprego que xera en cada un deles. Razón pola cal o noso Concello debe seguir demandando solucións reais e de futuro para a fábrica de Pascual de Outeiro de Rei.

Polo exposto, o Grupo Municipal do BNG somete a consideración do pleno o seguinte acordo:

1. A Corporación Municipal de Outeiro de Rei demanda do Goberno da Xunta de Galiza a toma en consideración e o necesario apoio, político e económico, á alternativa presentada polas cooperativas agrarias galegas para adquirir a fábrica de Pascual en Outeiro de Rei e recuperar a súa plena actividade empresarial e comercial.

2. Trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, ao Conselleiro do Medio Rural e ao Conselleiro de Economía e Industria.

Outeiro de Rei, 23 de setembro de 2009.”

Rematada a defensa da moción, toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, que manifesta que a adquisición da fábrica de Pascual polas cooperativas parece un proxecto sólido e viable, tendo en conta que as caixas galegas parecen dispostas a respaldar a operación e a participar no consello directivo.

Por outra parte, o apoio solicitado a Xunta é perfectamente asumible, xa que se están dando achegas equivalentes a outras actividades (exemplo, a unha fábrica con capacidade de transformación de 7000 kg de queixo).

Asemade, estaríase apoiando ao sector gandeiro de Galicia, e favorecendo que a transformación quedase aquí fronte as posibilidades de adquisición de capital foraneo coma Nova Rumasa.

Toma a palabra o sr. Pardo Lombao como voceiro do Grupo Municipal do PP, e recorda que o Concello de Outeiro de Rei, dende o principio, apoiou aos traballadores neste tema e, dende as súas posibilidades, fixo unha labor de concienciación a tódalas administracións sobor o problema.

Con respecto a moción, non tería inconveniente en apoiala introducindo algunha matización, e así, propón a substitución do apartado 1 da parte dispositiva polo seguinte texto:

“A Corporación Municipal de Outeiro de Rei demanda do Goberno da Xunta de Galiza e do Estado a toma en consideración e o necesario apoio, político e económico, á alternativa presentada polas cooperativas agrarias galegas ou calquer outra iniciativa empresarial que se considere viable para recuperar a súa plena actividade empresarial e comercial e manter no tempo os postos de traballo a través da súa compra ou alquiler.”

Nos non podemos condicionar que se faga dun xeito ou outro, nin que se faga a favor de unha ou outra persoa determinadas, o realmente interesante para o interese xeral é que o proxecto sexa viable e, consecuentemente, os postos de traballo e o impacto sobor os gandeiros tamén sexan viables no tempo.

E está convencido que, no suposto de que o proxecto sexa viable, a administración o apoiará, en calquer caso, o concello carece dos medios e información necesarios para poder emitir un xuízo de viabilidade dun proxecto desa complexidade económica.

Polo que respecta a posición do Concello, insiste en que dende o primeiro día, esta Alcaldía, conxuntamente cos restantes Alcaldes da Comarca, se moveron para defender o Sector, e non unicamente a empresa, porque hai que ter presente que o problema de Pascual é consecuencia da crise na que está sumida o sector leiteiro.

E é impresentable que o mesmo Conselleiro de Industria que creou esta situación lamentable, uns poucos días despois da súa saída do cargo, encabece a manifestación para esixir a outros que apaguen o lume que el mesmo creou. Ése é o xeito de facer as cousas do BNG. Pero non se pode xugar con este tema, é demasiado serio como para tomalo a broma, e non se poden dar falsas esperanzas.

O xeito de actuar debe pasar por apoiar un proxecto viable, e non por intentar beneficiar a alguén en concreto.

Remata dicindo que, se si incorpora a modificación proposta no texto da moción, o seu grupo apoiará a súa aprobación.

O sr. Arcadio lamenta que se achauen os males do sector lácteo ao goberno dos últimos anos, e afirma que a actual crise ven de moito máis alá, cando gobernaron os socialistas no Estado e o PP en Galicia. Parécelle mentira que teña que recordar esto neste pleno.

Por outra banda, pregúntase qué medo ten o sr. Alcalde a que as cooperativas galegas leven a cabo un proxecto que, unha das consultoras máis acreditadas do mundo califica como viable.

O problema que lle ve a este proxecto é que o Presidente da Xunta está a pensar en Madrid, porque a historia se repite e, coma na idade media os nobles galegos facíanlle o conto aos Reis castelás, agora o Presidente Feijó está a facer o mesmo, pretendendo darlle a unha empresa madrileña a fábrica de Pascual para facerlle o conto aos políticos madrileños. E o sr. Alcalde está a facer seguidismo.

Remata o sr. Arcadio defendendo a redacción inicial da moción na importancia que ten este proxecto para que a riqueza que xenera o campo galego fiquen en Galicia, así como a importancia que ten como primeiro paso para respaldar o sector lácteo galego. E recorda que a Xunta apoiou con máis cartos empresas menos viables.

Fai uso da palabra Miguel Angel López Varela, voceiro do PSdG-PSOE, quen di que si o aval está cuantificado e as Caixas Galegas deron a conformidade ao proxecto, é que dito proxecto é viable, polo que non se entenden as reticencias ao apoio da moción.

Resposta o sr. Alcalde que o concello non ten a capacidade nin a información para avaliar a viabilidade dun proxecto desas características, polo que non pode asegurar nada. Agora ben, xa dixo que está disposto a apoiar calquera proxecto que sexa viable, incluído, lóxicamente, o das cooperativas galegas, pero insiste na necesidade de que o proxecto sexa viable.

Pregúntase porqué ten tanto interese o BNG en que a planta a leve alguén moi determinado cando hai máis proxectos en marcha. E pregúntase se aquí está pasando o que xa sucedeu co reparto eólico do BNG.

Advirte que ao BNG échese a boca falando de empresas galegas, pero tamén é galega PESCANOVA, e tivo que marchar a Portugal por culpa do goberno do BNG. Parece que falan das empresas galegas segundo lles conveña.

Remata a intervención dicindo que debe apoiarse un proxecto viable e, en igualdade de condicións, que sexa galego, pero a viabilidade é imprescindible.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da moción.

Efectuada a votación, a moción resulta aprobada pola unanimidade dos membros da corporación.

Iníciase o debate da seguinte moción coa defensa, polo voceiro do Grupo Municipal do BNG, da moción con número de rexistro de entrada 3685, e do seguinte teor literal:

Arcadio Lombao Román e Dulce M^a Neira Fraga, Concelleiros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Corporación Municipal de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte

MOCIÓN SOBRE A RECOLLIDA DE RESIDUOS VOLUMINOSOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) ven de comunicar que a partires do 1 de setembro de 2009 procederase ao cesamento da recepción de residuos voluminosos procedentes dos concellos adheridos.

O cesamento na prestación do servizo de retirada de residuos voluminosos por parte de SOGAMA, para o seu posterior tratamento, prodúcese de xeito unilateral, sen ningún tipo de negociación previa cos concellos afectados, que a partir do 1 de setembro terán que facerse cargo, individualmente, da recollida e entrega deste tipo de residuos a un xestor autorizado.

Con este anuncio, a Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) podería estar a incumprir as condicións pactadas cos concellos no momento da súa adhesión, sen que nin a Xunta nin a propia SOGAMA ofrezan ningunha solución alternativa e viábel aos Consellos afectados, que, ademais de ter que artellar sistemas de recollida, verán como os custes do tratamento destes residuos se incrementan de xeito exponencial.

A falla dun sistema homoxéneo para a retirada destes residuos, xunto co incremento significativo dos custes, precisamente nun momento no que como consecuencia da crise económica e das deficiencias do sistema de financiamento local as facenda municipais están a pasar por situacións moi difíciles, podería derivar na proliferación de vertedoiros incontrolados ou, no mellor dos casos, cando o tratamento se faga conforme á legalidade e por un xestor autorizado, no traslado do incremento dos custes ao recibo do lixo que terán que soportar os/as veciños/as dos concellos afectados.

Por iso solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza e á Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) ao mantemento da recepción de residuos voluminosos procedentes dos municipios adheridos, nas condicións que o viña facendo até agora, para o seu posterior tratamento por un xestor autorizado e conforme á normativa vixente.

2. No seu defecto, instar á Xunta de Galiza a que aporte unha solución alternativa e viábel, que non supoña un incremento do recibo do lixo dos concellos afectados.

Outeiro de Rei, 29 de setembro de 2009

Rematada a defensa da moción, toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, quen propón que se inclúa na moción que a Consellería de Medio Ambiente e Territorio fomenta a construción de puntos limpos nos concellos onde todavía non existen e que poña a disposición das entidades locais a relación de xestores autorizados para a recollida e tratamento dos residuos voluminosos e as tarifas establecidas a tal efecto. Asismesmo, solicita que a Consellería financie o diferencial de custo entre as tarifas resultantes deste modelo de xestión e as que se aplicaban por SOGAMA, co gallo de que non se graven as economías municipais e, consecuentemente non incidan nos contribuíntes.

O voceiro do Grupo Municipal do PP sinala que estaría de acordo coa moción no suposto de que tódolos concellos pagasen o mesmo e que tódolos concellos pagasen, xa que a esta situación chegouse pola discriminación tarifaria e porque hai concellos que non pagan as súas facturas con SOGAMA. E esta actuación repercute sobor os restantes concellos que, como Outeiro de Rei, pagan relixiosamente.

Esta situación, que se orixinou no anterior goberno da Xunta, é insostenible, e mentres non se corrixa non se poderá voltar ao sistema anterior.

Para elo debería incluírse na moción:

Primeiro: a esixencia de que tódolos concellos fagan efectivos os seus pagos a SOGAMA, xa que é unha empresa pública que debe autofinanciarse, e se non pagan ditos concellos, terán que pagar os restantes por eles.

E segundo: instar a Xunta de Galicia que busque solucións económico-financieiras que permitan que esta situación non repercuta sobor o custe do servizo.

Engalde o Alcalde que lle consta que a Xunta xa está a buscar solucións nesta línea, pero que a solución definitiva pasa porque tódolos concellos teñan a mesma tarifa e que tódolos concellos paguen polo servizo, xa que a situación creada co anterior goberno da Xunta é insostible e profundamente inxusta.

Polo tanto, para que o seu grupo apoie a moción deberá incorporar a modificación expresada.

Intervén o voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, solicitando que se incorpore tamén a modificación expresada durante a súa intervención.

Sométese a votación a aprobación da moción cos engadidos propostos polo Grupo Municipal do PP e o Grupo Municipal do PSdG-PSOE.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada pola unanimidade dos membros da corporación.

Iníciase a defensa, polo voceiro do Grupo Municipal do BNG, da moción con número de rexistro de entrada 3686, e do seguinte teor literal:

MOCIÓN SOBRE MEDIDAS PARA MELLORAR O FINANCIAMENTO DOS CONCELLOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise económica está a supoñer unha forte redución de ingresos por parte das administracións públicas. Nos concellos, esta merma provoca un grave deterioro financeiro, o que sumado ao estrutural raquitismo do financiamento local, provoca tamén situacións próximas á bancarrota en moitos concellos. Polo tanto, cómpre adoptar medidas, tanto de carácter mais urxente e conxuntural como outras de carácter estrutural de cara a garantir unha estabilidade orzamentaria nos concellos que lles permita prestar de xeito eficaz os servizos que lle son encomendados.

Doutra banda, a Xunta de Galiza ten feito mención a unha redución do capítulo de impostos indirectos e de taxas e prezos, como consecuencia da actual situación de grave crise económica. Dende o BNG consideramos que tal redución non debe afectar aos ingresos que reciben os concellos mediante o Fondo de Cooperación Local, polo que é necesario garantir que este ano os concellos reciban as cantidades previstas a tal efecto.

No mesmo sentido, é prioritario que o Goberno do Estado elabore un Plan que, ante a forte redución de ingresos públicos provocados pola crise, se garanta o gasto corrente aos concellos, e no suposto de liquidacións negativas na Participación de Ingresos do Estado que se aplique unha moratoria.

Por último, con respecto ao modelo de financiamento local, os concellos galegos, que representan aproximadamente o 6,5 % da poboación do Estado español, reciben un 5,27% da participación nos ingresos do Estado. Mentres os concellos de Galiza reciben 176,54 euros por habitante, a media no conxunto do Estado recibe 221,07 euros. Así, queda patente que o financiamento dos concellos desde o Estado é insuficiente e inxusto: só ten en conta a poboación (75%) e o esforzo fiscal (25%) e non ten en conta que os custos dos servizos en Galiza son máis altos que no resto do Estado pola dispersión poboacional e o avellentamento da poboación. Neste sentido cómpre recordar que Galiza conta coa metade dos núcleos de poboación do Estado: 36.000; e que a dispersión encarece os custos da prestación dos servizos.

Polo tanto, con carácter estrutural, é necesario reformar o financiamento local e incrementar a contía da participación nos ingresos do Estado. Así, demandamos a integración plena da transferencia da participación nos ingresos do Estado nos orzamentos da Xunta de Galiza, e esta transferencia deberá ter en conta o maior custo dos servizos en Galiza, derivado da dispersión dos núcleos e do envellecemento da poboación.

Por todo isto, o BNG proponlle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

1. Garantir para o 2009 as cantidades previstas para os concellos a través do Fondo de Cooperación Local e non recortar a dotación do Fondo de Cooperación Local para o ano 2010.

2. A que demande do Goberno do Estado que elabore un Plan que garanta o gasto corrente aos concellos e un sistema de moratorias no suposto de liquidacións negativas das cantidades recibidas da Participación de Ingresos do Estado.

3. A que demande do Goberno do Estado a reforma urxente do financiamento local, de maneira que o novo modelo incremente a contía da participación nos ingresos do Estado, e dita participación dos concellos galegos se integre plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza. Así mesmo, demandarase que o novo modelo teña en conta o maior custo dos servizos en Galiza, derivado da dispersión dos núcleos e do envellecemento da poboación.

4. Dar conta deste acordo ao Goberno da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentares do Parlamento de Galiza.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2009

Rematada a defensa da moción, o sr. Pardo Lombao fai uso da palabra, expresando a súa total conformidade coa moción, e recordando que as súas liñas xerais foron expostas e defendidas constantemente neste Pleno.

Nos últimos anos falouse de compromisos entre a Xunta e a FEGAMP e entre a FEMP e o Estado, que se incumpriron sistematicamente.

O problema está no financiamento, e para que haxa financiamento ten que haber cartos, e na situación de gravísima crise na que se atopa o país non existe capacidade algunha de financiamento.

De feito, é un sinsentido que pidamos ao Estado que incremente os fondos aos concellos mentres está solicitando a Xunta que lle devolva 1.200 millóns de euros.

Por outra banda, nestes anos nos que o PSOE gobernou co BNG na Xunta non fixeron nada para mellorar a financiamento municipal, e agora se acordan de que hai que melloralala. Tampouco fixo nada o BNG cando apoiou ao PSOE no goberno da Nación. Todo isto evidencia que esta moción ten unha única finalidade; facer demagogia pura e dura.

Tampouco o FEIL nin o FEESL, solucionan a situación, xa que non aportan un financiamento estable aos concellos e, por outra parte, determinan e condicionan a qué finalidades deben adicarse os cartos.

No que respecta ao contido da moción, como xa dixo antes, está totalmente de acordo, se ben dubida moitísimo que sirva para algo nestes intres, salvo para facer demagogia.

O voceiro do PSdG-PSOE, pregúntase qué se fixo ata o ano 2004. E sinala que, nestes intres, se está estudando polo Goberno da Nación cómo mellorar a financiamento local. Cando menos, o 23 de outubro creouse o Fondo Estatal de Emprego e Sostibilidade Local, que permite adicar o 20% do seu importe a gastos correntes para a prestación de servizos sociais.

Engade o voceiro do BNG que esta moción non é demagóxica, pois se refire a asuntos de actualidade, e sinala que o tema de financiamento decídese entre os dous grandes partidos, e ningún fai nada para arranxala.

O sr. Pardo lamenta que dende o BNG e PSOE acúdase a historia en función de que interese ou non. Pero o que é evidente é que no ano 2004 a situación económica era moi distinta da que hai agora, lamentablemente. Hoxe en día hai dous ou tres millóns de parados máis que no ano 2004, e deste desastre é tan responsable quen goberna (o PSOE), como que lle apoia no goberno (o BNG).

Sométese a votación a aprobación da moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada pola unanimidade dos membros da corporación.

A continuación, iníciase a defensa, polo voceiro do Grupo Municipal do BNG, da moción con número de rexistro de entrada 3687, e do seguinte teor literal:

Arcadio Lombao Román e Dulce M^a Neira Fraga, Concelleiros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Corporación Municipal de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte

MOCIÓN SOBRE O BONO SOCIAL DA TARIFA ELÉCTRICA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A liberalización operada no sector eléctrico, lonxe de significar unha mellor prestación do servizo eléctrico nos fogares e abaratar o custe da factura eléctrica para a maioría das economías domésticas, está a ocasionar unha confusión crecente e un incremento no gasto repercutido polo subministro eléctrico á maioría dos consumidores.

A constatación do fracaso da aplicación da política de libre competencia nun servizo esencial para toda a comunidade como o subministro de enerxía eléctrica, onde ademais o abano de empresas comercializadoras redúcese a cinco, ponse de manifesto mesmo na recente normativa reguladora sobre a materia, como é o caso da creación do denominado “bono social”, consistente nunha bonificación na factura eléctrica por unha contía igual á diferenza entre o valor da tarifa de último recurso e unha tarifa reducida, é unha bonificación na factura por unha cuantía igual á diferenza entre o valor da tarifa de último recurso e un valor de referencia ou tarifa reducida co que se pretende corrixir a importante repercusión económica que o novo sistema de tarifas ocasiona na economía da maioría dos consumidores domésticos.

Malia que no limiar do Real Decreto-Lei 6/2009, do 30 de abril, se expresa claramente “...que se require a posta en marcha de forma inminente dun bono social ...”, non é até case que dous meses despois cando se publica a Resolución do 26 de xuño de 2009, da Secretaría de Estado de Enerxía, onde se determina o procedemento de posta en marcha do bono social, e se concretan as persoas beneficiarias da medida: as titulares dun punto de subministro na súa vivenda habitual de 60 ou máis anos de idade que acrediten ser pensionistas do Sistema da Seguridade Social que perciban as contías mínimas, as que acrediten ser familias numerosas, as que acrediten formar parte dunha unidade familiar con todos os seus membros en idade de traballar en situación de desemprego e as que teñan contratada unha potencia menor de 3kv.

Estes potenciais beneficiarios, ademais da demora na publicación e polo tanto posta en marcha efectiva do bono social, están a sufrir atrancos inxustificadas, como incumprimentos das empresas distribuidoras e comercializadoras de enerxía eléctrica no relativo á publicidade do procedemento e o ofrecemento de información exhaustiva, a imposibilidade dunha atención presencial dado o escaso número de empresas comercializadoras existentes, ou mesmo a necesidade de achegar múltiple documentación acreditativa de diversos organismos e administracións públicas, entre eles o Concello.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Político Municipal do BNG propón ao Pleno do Concello adoptar os seguintes

ACORDOS

1. Instar ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e á Comisión Nacional de Enerxía a adoptaren as medidas necesarias que garantan a extensión a todos os beneficiarios do bono social, e a súa aplicación efectiva nos prazos establecidos pola normativa vixente.

2. Instar ás Consellarías de Traballo e Benestar, e de Economía e Industria, e ao Instituto Galego de Consumo a poren en marcha, de xeito urxente, Planos de Comunicación, Información e Asesoramento sobre das últimas modificacións no sistema de tarifas eléctricas e da aplicación do bono social, orientadas tanto á poboación en xeral como especificamente aos potenciais beneficiarios.

3. *Ofrecer un servizo de información, asesoramento e colaboración na tramitación da solicitude do bono social, por parte do concello de Outeiro de Rei, onde se facilite ademais dun xeito áxil toda documentación acreditativa que o beneficiario deba obter do concello.*

Outeiro de Rei, 29 de setembro de 2009

Rematada a defensa da moción, o sr. Pardo Lombao fai uso da palabra, calificando a moción de manifestamente demagóxica, xa que, coma as anteriores, preténdese que o actual goberno da Xunta faga as cousas que o anterior goberno do BNG poido facer e non fixo. Esta moción o único que evidencia é a total inoperancia do bipartito.

No que atinxe ao contido da moción, como é lóxico está dacordo, pero débese ir máis aló e solicitar ao Ministerio que realice actuacións paliativas dos custes enerxéticos a tódalas familias que están a sufrir a crise económica.

O sr. López Varela insiste na conveniencia de que a Xunta divulgue entre a poboación o réxime da tarifa social, coa finalidade de que os potenciais beneficiarios se poidan beneficiar del.

O sr. Pardo Lombao fai saber que, se quen aproba o bono social é o Estado porque é o Estado quen ten a competencia para elo, deberá ser o Estado quen financie e realice estas actuacións informativas e divulgativas.

Non pode ser que sexa a Administración autonómica que teña que asumir estas funcións e custes como consecuencia da inoperancia e incompetencia dos responsables ministeriais.

Polo tanto, non se pode estar dacordo con unha proposta que esixa que nos asumamos os custes que deben asumir outros e non os asumen por falla de responsabilidade e total inoperancia.

A única razón polo que propoñemos que se faga é porque queremos beneficiar aos nosos veciños por riba de todo.

Sométese a votación a aprobación da moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada pola unanimidade dos membros da corporación.

Continúa o debate coa defensa, polo voceiro do Grupo Municipal do BNG, da moción con número de rexistro de entrada 3804, e do seguinte teor literal:

Arcadio Lombao Román e Dulce M^a Neira Fraga, Concelleiros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Corporación Municipal de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte

MOCIÓN RELATIVA AO COMPLETO DESENVOLVEMENTO DA LEI 11/2007 PARA A PREVENCIÓN E TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia de xénero constitúe unha vulneración dos dereitos fundamentais das mulleres. É a manifestación máis clara da desigualdade, un indicador de que queda moito traballo para erradicar a discriminación e subordinación das mulleres e acadar unha sociedade igualitaria.

Nos últimos anos téñense dado pasos relevantes a nivel legal, superando unha visión que reducía o problema ao ámbito privado e asumindo que a loita contra a violencia de xénero é un problema de primeira orde e que na súa erradicación deben implicarse o conxunto de poderes públicos e a sociedade.

A nivel galego, na pasada lexislatura, deuse un paso importante coa aprobación dunha lei específica para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero. Unha lei que, por primeira vez, considera a violencia de xénero desde unha perspectiva integral, recoñece dereitos para as mulleres que vivan unha situación de violencia no ámbito económico e social e articula toda unha serie de obrigas para as administracións públicas tanto no ámbito preventivo, como no formativo e na asistencia ás vítimas. Mais hai outro cambio relevante que introduce esta norma, a apertura dos recursos sociais a todas as mulleres con independencia de que contén cunha orde de protección ou non. Unha medida necesaria que vai na dirección de incrementar os resortes institucionais de apoio as mulleres. A aprobación desta lei supuxo paralelamente o incremento dos recursos destinados na Galiza a loita contra a violencia de xénero.

A Secretaría Xeral de Igualdade, cumprindo cun mandato establecido na lei, informou ao Parlamento Galego do grao de desenvolvemento das previsións contidas neste texto legal, así como daqueles aspectos que restaban poñer en marcha para completar o desenvolvemento da mesma, non obstante, o novo goberno da Xunta, non parece ter interese en por en funcionamento eses instrumentos lexislativos, considerando prescindíbeis e superfluas as accións tendentes á erradicación da violencia de xénero.

Unha das novidades que introduce a Lei, á hora de mellorar a atención e recursos das mulleres que padecen violencia de xénero, é a creación do Fondo Galego de Garantía de Indemnizacións. Unha cuestión que precisa de

desenvolvemento normativo para a súa posta en funcionamento. O anterior goberno tiña unha reserva de crédito nos orzamentos do ano 2009 para a posta en marcha deste Fondo e un borrador de decreto xa elaborado. É necesario que se desenvolva esta previsión, máxime cando se trata dunha obriga recollida por Lei. Mais tamén porque é preciso que os poderes públicos, ante as situacións de violencia de xénero, acompañen ás vítimas e faciliten a súa recuperación e a normalización das súas vidas.

Así mesmo, a Lei prevé a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, un órgano institucional da Xunta de Galiza que ten por obxecto encargarse do estudo, avaliación e seguimento das políticas de violencia de xénero. Unha medida importante a fin de contar con organismos e persoal especializado que permita facer unha análise sostida no tempo sobre a efectividade das medidas tomadas neste terreo e, consecuentemente, mellorar a eficacia das políticas e recursos que se dedican a esta finalidade. No informe elaborado a finais de 2008 pola Secretaría Xeral de Igualdade sobre o desenvolvemento da Lei 11/2007, consta a existencia dun borrador de decreto no que se estaba traballando a fin de poder cumprir con este mandato legal.

Estes e outros aspectos do texto legal quedan aínda por desenvolver, así como outras medidas que é necesario que se continúen impulsando para que teñan eficacia, como son as relacionadas coa sensibilización social ou a formación de todas e todos os profesionais en ámbitos relacionados, directa ou indirectamente, contra a violencia de xénero. Un silencio que nos preocupa, pois a erradicación da violencia contra as mulleres debe ser unha prioridade de calquera goberno, que ten que materializarse na mobilización de recursos e no cumprimento das disposicións legais vixentes nesta materia.

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a que realice unha planificación para a efectividade das previsións contidas na Lei 11/2007 que estaban pendentes de desenvolvemento, en concreto a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero e a posta en funcionamento do Fondo Galego de Garantía de Indemnizacións, así como tamén a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral, realizar campañas periódicas de sensibilización contra a violencia de xénero, a formación da totalidade das e dos profesionais, e garantir o dereito á atención psicolóxica no ámbito sanitario público tamén recollido na lei.

2. Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza, así como aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.

Outeiro de Rei, 23 de outubro de 2009”

Rematada a defensa da moción, o sr. Pardo Lombao fai uso da palabra, calificando esta moción novamente como demagóxica, na mesma liña que as anteriores.

Como non pode ser doutro xeito, este Concello está totalmente de acordo con toda proposta tendente a eliminar a violencia de xénero. O concello sempre

actuou con firmeza contra a violencia de xénero e seguirá actuando, e sería impresentable que non o fixera.

Agora ben, o goberno da Xunta marca as súa propia liña de acción neste e noutros campos, porque así llo encargou o pobo galego nas eleccións, e non seguirá a liña equivocada que iniciou o BNG e mailo PSOE no seu momento, e que foi rexeitada abrumadoramente nas urnas.

Recorda que o Partido Popular presentou un programa electoral que foi respaldado moi maioritariamente polos galegos. E o Partido Popular cree firmemente en que o programa está para cumprilo, a diferenza do que declarou un histórico do PSOE de que os programas eran para incumplilos.

O voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, propón engadir a moción unha serie de párrafos. En consonancia coa disposición adicional cuarta da Lei 11/2007 para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, propoñemos que se presente con carácter anual un informe ao Parladoiro de Galicia sobor a situación da violencia de xénero en Galicia, e neste informe se inclúan as sentencias condenatorias por malos tratos que se dicten en Galicia, expresando o nome do agresor.

Fai uso da palabra o voceiro do Grupo Municipal do PP, que sinala que, aínda que o texto da moción inclúe parágrafos e expresións coas que non pode estar de acordo, o nivel de compromiso do Partido Popular é tan forte que non poden rexeitar calquera proposta ou pronunciamento en contra da violencia de xénero, aínda que estea formulada nestes términos.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da moción expresada.

Efectuada a votación, a moción resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

8.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE PRESENTADAS.

A instancias do Alcalde, o Secretario dá lectura, en viva voz, do escrito de preguntas presentado polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE, con número de rexistro de entrada 3840 e data de rexistro 27 de outubro de 2009, do seguinte teor literal:

“O Concellal, abaixo firmante, Portavoz do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó amparo da lexislación vixente en materia de Réxime Local, presenta este escrito o Pleno do Concello de Outeiro de Rei, como PREGUNTAS o Equipo de Goberno , con relación o punto da Orde do Día do Pleno da data:

1.- ¿Ten constancia o Sr. Alcalde, da posición que ten o actual goberno da Xunta de Galicia, sobre a situación do P.A.C en Outeiro de Rei? ¿Ten

constancia de que se pretende eliminar o medio prazo ? ¿podería explicarnos que xestións pretende facer para que isto non ocorra?.

2.- Respecto a urbanización da Palloza, fai mais de oito meses que se preguntou polo estado desa urbanización, e a contestación foi que se ia a facer unha reunión cos veciños para tratar de rematala.¿ Podería explicar a canto ascende o presuposto para rematar a urbanización conforme a legislación vixente ?. ¿podería explicar cando remata o prazo de execución de dita obra? ¿podería explicar si se lle pediu ao constructor as responsabilidades legais e cales foron?. ¿É consciente de que hay veciños que levan vivindo alí mais de cinco anos con luz de obra, e sin enganche de auga?.

3.-¿ Ten constancia o Sr. Alcalde do estado do firme dos camiños seguintes :

a) Camiño que transita nas parroquias de Vilela hacia San Lorenzo, e que ven grafiado na ortofoto nº1 que se adxunta .

b) Camiño que transita por detrás do polígono de Matela, concretamente detrás de PACADAR que vai hacia Santa Mariña, e que ven grafiado na ortofoto nº 2 que se adxunta.

c) Camiño que transita na parroquia de Silvarrei e que une distintos barrios da mesma, e que ven grafiado na ortofoto nº 3 que se adxunta.

Dado que son camiños de un tránsito elevado e o seu firme está moi deteriorado. Podería explicar, ¿cando ten pensado realizar o asfaltado e arranxo dos mesmos?.

En Outeiro de Rei a 27 de outubro de 2009”

Resposta o Alcalde nos seguintes termos:

- O concepto de medio prazo é relativo, e pode ser de 7 meses, 7 anos ou 70 anos. A 70 anos non pode contestar, pero a algúns anos vista pode asegurar que non vai a liquidar este PAC, e probablemente ningún PAC en Galicia. Asemade, o sr. Pardo Lombao asegura que non permitiría que se eliminase o PAC de Outeiro de Rei.

En calquer caso pode garantir que non se vai a eliminar o PAC de Outeiro, e descoñece o porqué desta pregunta, a non ser que o anterior goberno o tivese en mente.

- Respecto da urbanización A Palloza, a día de hoxe non pode ofrecer cifras do custe das obras de urbanización pendentes de executar porque os técnicos están a elaborar os estudos correspondentes. Unha vez se teñan os estudos, concertarase unha reunión cos propietarios para tomar unha decisión.

Descoñece se hai veciños vivindo na urbanización, imaxínase que si, xa que hai vivendas que teñan licenza de construción previa ao polígono.

- Asegura que coñece o estado dos camiños citados, xa que transita por eles de cando en cando.

En xeral, o estado dos camiños en Outeiro de Rei é bon, e están practicamente asfaltados todos os que dan servizo as casas, salvo algunha excepción coma a do camiño 1º da pregunta, e que se asfaltarán tan pronto a situación económica do concello o permita, e non por mor desta pregunta, senón porque xa estaba nas prioridades do equipo de goberno.

O camiño que transita por detrás do polígono de Matela é un camiño que discurre polo monte e, no tramo de acceso a algunha casa está asfaltado. Como camiño que dá servizo ao monte, se ben non está asfaltado en toda a súa lonxitude, si está en condicións aceptables.

O último camiño é un camiño que discurre polo monte, e que se atopa en bo estado, se ben por un extremo é bastante máis extremo que polo outro porque non houbo cesión polos veciños. O tramo próximo as casas está en bo estado. O resto do camiño está nun estado aceptable tendo en conta que unicamente da acceso a fincas de monte.

Finalmente, sinala que estes camiños non son de tránsito elevado, xa que os accesos aos núcleos ou ao polígono efectúase polas vías principais.

Conclúe asegurando que o anterior goberno da Xunta unicamente consignou 70.000 euros para camiños en Outeiro de Rei e que tivéronse que executar trala súa marcha. O actual goberno da Xunta seguramente dará un pulo maior a mellora e conservación dos camiños do concello.

A instancias do Alcalde, o Secretario dá lectura, en viva voz, do escrito de preguntas presentado polo Grupo Municipal do BNG, con número de rexistro de entrada 3891 e data de rexistro 30 de outubro de 2009, do seguinte teor literal:

“Arcadio Lombao Román e Dulce Mª Neira Fraga, como concelleiros integrantes do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan as seguintes preguntas para a súa resposta por parte da Alcaldía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Señor Alcalde, nunha reunión mantida cos veciños residentes na Urbanización O Salete III no mes de xaneiro de 2008, comprometeuse a “recibir” esta urbanización nun prazo breve, en concreto entre marzo e abril do ano 2008.

PREGUNTAS:

- 1. A día de hoxe, a urbanización foi legalmente recibida?*

2. *A que se debe o atraso na recepción desta urbanización?*
3. *Que modificacións se efectuaron para ser recibida agora e non con anterioridade?*
4. *Cúmprese agora coas esixencias da lexislación?*

Outeiro de Rei, 27 de outubro de 2009”

Resposta o Alcalde nos seguintes termos:

- É normal preguntar se a urbanización está recibida, pero preguntar se está legalmente recibida é unha falla de seriedade. Neste concello todo se fai legalmente. Esta urbanización está recibida e, como non podería ser doutro xeito, legalmente recibida a xuízo dos técnicos.

Retrasouse sobor a data inicialmente prevista por varios motivos, entre outros pola falla de aportación de certa documentación polo promotor. Tan pronto se aportou esta documentación a urbanización foi recibida polo concello.

Como é lóxico, a urbanización cumpre con tódolos requisitos legais.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión, sendo as quince horas e trinta minutos da data expresada.

O Secretario

VºBº; O Alcalde

Asdo.: José María Vázquez Pita.

Asdo.: José Pardo Lombao.